

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de abril de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da cesión do dereito de uso dunha licenza de software de "Xestión integral de parques" destinado ao Servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. exp. ref 2021/C004/000008.

Tamén se acorda adxudicación da contratación da obra Rrenovación da rede de abastecemento en rúa Armórica"; exp. ref. 2020-C002-000045.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra Ppavimentación de viais nas Gándaras" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000023.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e apertura de licitación 4 no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables. Expte. ref. 2021-C005-000019.

Do mesmo xeito acordase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de "Reurbanización de la ronda de la Muralla. zona sur.tramo Puerta de Santiago - calle Vilalba" e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2021-C002-000026.

Tamén se acorda a declaración de deserto a contratación da subministración (adquisición), instalación e mantemento integral de 57 desfibriladores para edificios e instalacións municipais do Concello de Lugo. expdte ref: 2020/C004/000018.

2. PERSOAL.- Acórdase a permuta adscriciones por saúde.

Tamén se acorda a execución de sentenza: aboamento de indemnización por importe de 2.500 euros.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Lugo para a xestión e cofinanciamento da escola infantil do Concello de Lugo.

Tamén se acorda a aprobación do plan estratéxico de subvencións 2020-2022, do Excmo. Concello de Lugo, actualización anualidade 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da disolución da Xunta de Compensación do Sector de Sunp "Sur-K" do PXOU de 1990 (Uzpi-2.r do PXOM vixente).

Tamén se acorda a aprobación da disolución da Xunta de Compensación do Polígono reparcelable nº 1 da unidade urbana 12 de Augas Férreas do PXOU de 1990 (Urpi-2.r do PXOM vixente).

Do mesmo xeito acordase a aprobación da disolución da Xunta de Compensación da Unidade de actuación centro sur-15 do PXOU de 1990 (Urpi-42 do PXOM vixente).

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenza urbanísticas: para legalización de obras conservación e mantemento, consistentes na reforma en anexos existentes sobre a terraza da planta primeira e obras necesarias para restitución da legalidade, na rúa Centola, número 10. (expte: 345/13) e para alegalización de cobertizo para instalación en estación de servizo na estrada LU-612. P.K. 2,320 Portomarín-Lugo), marxe dereita. parcela 345, pol.111, (expte:2021/Y001/000032)

Tamén se acorda a denagación das seguintes licenzas urbanísticas: nave para almacén de aperos agrícolas e corte de Cabalos, no lugar de Santa Eufemia de Calde, (expte: 139/19) e para ampliación de construción de vivenda unifamiliar en Farxocos, número 2, Santa María de Bóveda, (expte: 182/19).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para legalización de

piscina, edificio de sala de máquinas da piscina e execución de alpendre e garaxe, no lugar de o Rego- San Salvador de Muxa. (expte: 2020/Y001/000111) e para acondicionamento do local existente e peche da propiedade no ámbito do acceso ó garaxe con mellora na seguridade do balaustre do adarve da igrexa de San Antonio de Padua, na rúa Tui, número 37 (expte: 2020/Y001/000155

Acórdase denegar a licenza urbanística para a segregación agrupación das parcelas de solo clasificado no plan xeral de ordenación municipal vixente, como núcleo rural en Paderne, San Remixio de Bazar, (expte: 179/19).

Desestimar el recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno local de 3 de febreiro de 2021 en relación coa licenza de legalización de obras de rehabilitación de alpendre e actividade para comercio a polo miúdo de bebidas e snacks, mediante máquinas expendedoras no nucleo rural de gondar, parroquia de Gondar. (expte:232/15)

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.